

1. **Tendo en conta o teu lugar de nacemento, que te consideras máis catalá ou chantadina?**

De Cataluña teño a fecha de nacemento e nada máis, nacín en Barcelona pero con 4 anos vinme. Non teño nada en contra e cando fun alí gustoume ver onde nacín e onde me criei.

2. **Nun ano tan complicado marcado pola pandemia como foi o 2020, como o afrontaches a nivel profesional?**

A nivel profesional a min xustamente non me afectou, foi cando comecei a miña andaina como autónoma e me pillou un pouco agobiada porque tiña que subministras datos das adegas a axencia tributaria e era novo para todos: para min, para as bodegas, para os inspectores. Pilloume mal porque tiven que facer un curso de formación e fíxeno online.

O tema das bodegas seguiu, aínda que, a elas afectoulles porque son pequenas bodegas que venden en tendas "delicatessen", tendas gourmet, en locais de restauración, a min non me afectou pero o meu traballo seguiu realizándose e tiña que seguir ó día.

3. **De onde xurdiu a túa afección polo tema do viño?**

Foron un pouco as casualidades da vida, eu comecei unha relación persoal con un enólogo chantadino pero eu non estaba para nada metida nese mundo. Nesa época eu estaba preparando unha oposición para celadora, ou sexa que estaba nun mundo totalmente que non tiña que ver. Fun involucrándome e entrando pouco a pouco.

Ós poucos meses a el xurdiulle a necesidade de ter unha persoa que lle axudase.

Nesa época eu tiña dous traballos: un na consulta privada dun médico e outro nunha tenda de roupa. Fun deixando eses traballos e introducíndome no traballo do laboratorio, facendo temas administrativos ata ser encargada da tenda e formando a distintas persoas que pasaron por alí.

4. **Alén do mundo vinícola que outras afeccións tes?**

É certo que o sector do viño ten unha parte "romántica" e hai unha relación entre o traballo e esa parte menos fea a nivel laboral. Esa parte digamos máis lúdica lévate a coñecer xente.

Agora estou comezando a tocar a gaita e (...) toco nun grupo de música tradicional de aquí de Chantada.

5. **Poderías falarnos un pouco do disco que gravaches recentemente?**

Estamos a gravalo, non o temos aínda gravado. Isto xurdiu non porque nos quixésemos gravar un disco senón, por que fomos a un concurso, o cal non gañamos, quedamos de terceiras, pero o primeiro e o segundo non puideron desfrutar do premio así que, estamos traballando nel e esperemos que pronto o teñamos.

6. **Por que decídeche deixar vitivinícola RL no 2019?**

ENTREVISTA A MAIRA RATÓN FERNÁNDEZ

Despois de tantos anos traballando vinculada a unha persoa e era unha situación rara, pensei en marchar de aquí. Eu nunca marchara fora, levo aquí toda a miña vida dende que vin de Cataluña, despois de 40 anos era algo moi difícil, era un cambio de vida drástico.

Tamén me ofreceron poñer un negocio parecido pero tiña claro que iso non o ía facer, sería como facerme dano a min mesma, xa que eu tamén axudei nesa asesoría.

E isto xurdiu porque parte das adegas coas que se traballaba na asesoría se lles empezaba a dar este servizo que lles estou dando eu, sendo eu quen o facía. Na asesoría decidiron non poñer a outra persoa xa que eu me comprometera, tanto coas adegas como ca asesoría, a rematar a campaña (ata Setembro). Como Roberto Regal non ía poñer unha persoa para cubrir ese posto xurdiu a idea de poder profesionalizalo un pouco máis, mellorar o servizo e abarcar un pouco máis. Por sorte partín con 7 ou 8 adegas e todas cas que traballo agora viñeron elas a min, eu non tiven a necesidade de buscar. Estou nun momento no que eu sola non dou mantido máis bodegas, sen saber moi ben como dirixir este tema, xa que medrar é complexo e contratar xente pode supoñer unha "dor de cabeza".

Por agora non podo dicir que "non" teño que seguir para adiante.

7. **Quen te apoiou nos teus comezos no sector do vitivinícola?**

Roberto Regal foi a persoa ca que eu me "*criei*" a nivel laboral. Eu non estaría aquí se non fora por él, aínda que eu traballei, formeime, cursei o ciclo de produción vitivinícola e seguí formándome asistindo a cursos e congresos. A miña formación non é académica, foi adquirida grazas á xente que tiven o meu redor.

8. **Que impedimentos atopaches o inicio da tua carreira profesional no sector vitivinícola?**

Cando comecei a traballar na asesoría era máis doado, pero eu comecei sen coñecementos, na miña casa non había relación co sector do viño. Fun mirando como facía el no laboratorio, tomando notas e fixándome como actuaba el cos clientes ó darlle os resultados das analíticas e ó pouco tempo xa me quedei soa no laboratorio e funme desenvolvendo, a veces tes que tirar para diante. Eu era moi vergonzosa pero fun tirando de min mesma e agora, ó chegar a unha cata xa me integro no grupo, cousa que fai uns anos era impensábel para min.

Ao principio sempre costa, e máis aínda nun mundo que non coñeces, pero debemos ser atrevidos para tratar de chegar onde ti queiras chegar.

9. **Cómo ves os viños de Chantada dentro do nivel no que te moves no teu traballo, Ribeira Sacra e Ribeiro?**

Para min co non son comparábeis, son viños distintos, non me gusta comparar. No Ribeiro predominan os brancos, aquí o que vexo é que hai un potencial sen explotar e os nosos viños deben ir ligados ao coidado do territorio. A Ribeira Sacra estase masificando e debemos optar por un turismo de calidade. Por exemplo, temos un club náutico abandonado e deberíamos facer algo, con sensibilidade cara ao entorno.